

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA PARA A VISIBILIZACIÓN E FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA DURANTE O ANO 2021

En Santiago de Compostela, o día 30 de abril de 2021

REÚNENSE:

Dunha parte, dona M^a Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Emprego e Igualdade, en nome e representación desta consellería en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomea conselleira de Emprego e Igualdade, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como o parágrafo segundo da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se publica o acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991.

Doutra, don Celso Gándara Carnero, Presidente da Asociación Foro pola Economía Social Galega, co NIF G70611496, segundo o acordado na Acta fundacional da dita asociación, do 6 de febreiro de 2020.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar as entidades que integran a economía social para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.

Segundo.- Á Consellería de Emprego e Igualdade correspóndelle a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas e economía social en virtude do disposto no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade.

Terceiro.- A Estratexia galega de Economía Social, impulsada pola Consellería de Emprego e Igualdade, ten como finalidade impulsar fórmulas empresariais que permitan xerar máis emprego e de máis calidade, garantir unha mellor redistribución dos recursos e favorecer a cohesión territorial e social a través das fórmulas da economía social, prestando especial atención ás cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral. No diagnóstico do sector contido neste documento apréciase a existencia de debilidades relacionadas coa falta de coñecemento da economía social, polo que se contempla como reto a mellora da visibilización e participación das entidades da que compoñen este sector.

Como resposta a este reto, a Estratexia define as accións seguintes:

- Anuario da economía social en Galicia: coa colaboración de entidades asociativas, universidades e resto de institucións, realizaranse análises e informes de tendencias para coñecer os retos dos próximos anos.
- “Branding” da economía social: deseño de accións da man do Foro de Economía Social para construír un relato que favoreza o sentimento de pertenza a este ámbito.
- Campañas de comunicación: reforzo das actividades de difusión da economía social para sensibilizar da importancia de que todos os axentes e a cidadanía contribúan a xerar emprego de calidade, fixar poboación, respectar ao medio e cambiar os procesos de produción, distribución, consumo e aforro.
- Consello Galego de Economía Social: posta en marcha deste Consello como órgano consultivo e espazo de coordinación entre as diferentes entidades de economía social de Galicia.
- Dinamización da Rede Eusumo: medidas para fomentar a colaboración entre as entidades da Rede Eusumo, e aumentar a súa actividade e a participación coordinada.
- Apoio ás asociacións e a súa relación: incremento das axudas ás entidades para o seu funcionamento co fin de fortalecer o tecido asociativo da economía social.

Cuarto.- A Asociación Foro pola Economía Social Galega é unha organización empresarial de carácter intersectorial constituída para asociar nela o conxunto da economía social de Galicia a través da colaboración das organizacións representativas das empresas da economía social de Galicia, que persigue como fins fundamentais a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses económicos-sociais e empresariais da economía social en Galicia e, en particular:

- A integración de todas as empresas de economía social en e a través de organizacións que representan as empresas de economía social de Galicia.
- Fomentar o desenvolvemento de actividades para promover as empresas de economía social, para que este colectivo siga crescendo, xerando riqueza colectiva, creando emprego de calidade e contribuíndo ao desenvolvemento sustentable, á cohesión territorial e á equidade social en Galicia.
- Establecer mecanismos adecuados para favorecer e articular a coordinación das distintas organizacións que representan as empresas de economía social de Galicia.
- Promover e exercer a representación do Foro ante o goberno de Galicia, institucións e organismos públicos e privados de Galicia, naqueles ámbitos onde se discutan aquelas materias económicas e sociais e políticas que incidan na actividade das empresas de economía social de Galicia.
- Contribuír ao desenvolvemento das empresas de economía social apoiando súa profesionalización e a colaboración entre elas e entre as organizacións que as representan na procura de alianzas, sinerxias e maior valor engadido.

Forman parte da Asociación Foro pola Economía Social Galega a Unión de Cooperativas Galegas Espazocoop, a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca), a Asociación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (Aesgal), a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) e a Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (Aeiga).

Quinto.- A Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2021, no capítulo de transferencias correntes, recolle nominativamente o convenio coa Asociación Foro pola Economía Social Galega na aplicación orzamentaria 11.04.324C.481.10. Unida esta circunstancia a que a Asociación Foro pola Economía Social Galega é a única entidade galega que representa ao conxunto das entidades da economía social de Galicia ás que vai dirixida a Estratexia galega de economía social, e os seus fins son coincidentes cos da consellería de Emprego e Igualdade reflectidos na citada Estratexia tocantes á visibilización e á promoción da participación das entidades da economía social, xustifica, ao abeiro dos artigos 19.4.a e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Asociación Foro pola Economía Social

Galega por ser a entidade máis adecuada para colaborar na súa execución, sen promover a concorrência pública.

Sexto.- A Asociación Foro pola Economía Social Galega acredita mediante declaración responsable non estar incursoa en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo iso, formalizan o presente Convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade (en diante, a Consellería) e a Asociación Foro pola Economía Social Galega (en diante, o Foro) para a visibilización e fomento da participación da economía social galega durante o ano 2021.

SEGUNDA. Compromisos da Asociación Foro pola Economía Social Galega

En execución deste convenio, o Foro comprométese a colaborar coa Consellería de Emprego e Igualdade nos seguintes ámbitos:

1. Reforzo da presenza da economía social de Galicia nos foros europeos e estatais.

Promoverá activamente a visibilización e posicionamento da economía social de Galicia nas entidades representativas do sector de ámbito europeo ou estatal así como nos organismos públicos destes ámbitos, a través da participación nas actividades ou foros que teñan lugar.

De forma específica, o Foro representará a economía social galega no seo de CEPES e realizará funcións de interlocución e mediación ante as institucións europeas con responsabilidades na economía social.

Ademais, colaborará coa Consellería de Emprego e Igualdade nas accións dirixidas a reforzar a presenza da economía social galega nas institucións europeas.

2. Difusión e visibilización da economía social.

Levará a cabo accións de difusión da economía social ante os principais axentes económicos e sociais de Galicia, promovendo encontros, xornadas, grupos de traballo ou outros mecanismos que se consideren adecuados para mellorar o coñecemento do sector en todos os ámbitos da economía e sociedade galega.

En particular, organizará dúas xornadas de traballo con entidades tractoras da economía social, para promover a visibilización deste sector e da súa potencialidade económica e social, e fortalecer as colaboracións empresariais e transmisión de boas prácticas.

Tamén porá en marcha unha xornada de difusión de boas prácticas de entidades da economía social, no seo das actividades do Consello da Economía Social de Galicia.

Por outra parte, impulsará as accións de comunicación dirixidas a incrementar e reforzar o acceso a información relevante sobre o sector por parte da poboación en xeral.

3. Desenvolvemento e impulso da economía social.

Neste ámbito, promoverá e participará activamente na identificación de oportunidades para a economía social e o desenvolvemento de proxectos no marco dos plans de recuperación e reactivación económica que se poñan en marcha.

Por outro lado, continuará realizando análises de oportunidades sectoriais para o emprendemento e a consolidación de empresas da economía social, co fin de orientar e focalizar as políticas públicas de apoio, especialmente naqueles sectores que poidan contribuír mellor ao desenvolvemento do medio rural.

Ademais colaborará coa consellería no impulso e desenvolvemento da Rede Eusumo, propoñendo mecanismos para a identificación de prioridades e para a orientación das actividades da Rede cara a obxectivos comúns pertinentes.

TERCEIRA. Compromisos da Consellería de Emprego e Igualdade

A Consellería comprométese a facilitarlle ao Foro a información necesaria e a prestar a colaboración que se requira para o desenvolvemento das actividades, en particular naqueles aspectos e actuacións sinaladas na cláusula segunda.

Ademais, comprométese a contribuír ao financiamento das actuacións nos termos sinalados na cláusula cuarta.

CUARTA. Financiamento

A Consellería contribuirá ao financiamento das actividades que realice o Foro en execución deste convenio durante o ano 2021, aínda que sexan anteriores á súa sinatura, coa cantidade de **SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria 11.04.324C.481.10 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, atendida con fondos finalistas do Estado por tratarse de accións elixibles de acordo co Plan anual de política de emprego (PAPE).

Poderanse realizar pagamentos anticipados ata un 70% do financiamento achegado pola Consellería, segundo o previsto nos artigos 63 e 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en referencia aos pagamentos anticipados e a exoneración da constitución de garantía por tratarse de entidades non lucrativas.

O importe restante aboarase unha vez xustificadas a totalidade dos gastos realizados.

Para a xustificación dos gastos o Foro deberá presentar a seguinte documentación:

- certificación emitida pola secretaría do Foro coa conformidade da presidencia, comprensiva do detalle dos gastos e pagamentos realizados así como do cumprimento da actividade obxecto deste convenio e da aplicación dos fondos destinados a tal fin.
- facturas ou documentos xustificativos equivalentes, así como xustificantes bancarios do seu pagamento.

No caso de custos de persoal e axudas de custo e desprazamento, poderanse imputar ao convenio os gastos correspondentes ao persoal que forma parte dos órganos de goberno, cun custo/hora máximo de 30 euros/hora así como ao persoal asalariado, tanto do Foro como de calquera das entidades que forman parte del (cun máximo de 25 euros/hora). Para garantir a non duplicidade de axudas respecto destes custos de persoal, no caso de servizos prestados por algunha das entidades integrantes do Foro xustificados mediante factura, acompañarase unha desagregación do gasto, que inclúa unha declaración responsable sobre o custo/hora do persoal adscrito á actividade e sobre a porcentaxe da xornada imputado a esta.

- declaración responsable de estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- memoria descritiva do contido das accións desenvolvidas.
- declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para a mesma actividade, das distintas administracións públicas.

A xustificación dos gastos realizados en execución do presente convenio remitirase á Consellería antes do 3 de decembro de 2021.

Para o suposto de que os gastos que se xustifiquen sexan inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento a parte non xustificada.

QUINTA. Réxime de compatibilidade

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEXTA. Fiscalización e control

O Foro asume o compromiso de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

SÉTIMA. Publicidade

De conformidade co establecido Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por outra parte, o Foro deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os seus respectivos regulamentos. Neste sentido, o Foro deberá adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Emprego e Igualdade e polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, que poderán consistir na inclusión de lendas relativas ao financiamento público e da imaxe institucional das entidades concedentes en carteis, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do Foro á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outórgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

OITAVA. Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados en execución deste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Emprego e Igualdade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio da súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente

norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

NOVENA.- Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, dará lugar á modificación da axuda e eventualmente á súa revogación.

DÉCIMA.- Responsabilidade

A sinatura deste convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e as institucións que o asinaron, de tal xeito que á consellería non se lle pode esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Carácter do convenio e réxime xurídico aplicable

Este convenio ten carácter administrativo, e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas e nas seguintes normas e acordos: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia; Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público; e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

En especial, o convenio quedará sometido ao disposto na referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 10, sobre requisitos para obter a condición de beneficiario; no artigo 11, sobre obrigas das persoas beneficiarias; no artigo 15, sobre publicidade das subvencións; no artigo 17.3, sobre financiamento das actividades subvencionadas; no artigo 32, sobre as causas de invalidez da resolución da concesión; e no artigo 33, sobre as causas de reintegro.

Para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse son aplicables os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

DÉCIMO SEGUNDA. Seguimento, interpretación e resolución de conflitos

A Consellería de Emprego e Igualdade pode comprobar cando o estime oportuno a execución do convenio.

Non obstante, para o seguimento da execución do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poida xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta integrada por representantes das partes. En caso de persistir as desavinzas, elevarase a resolución do conflito á conselleira de Emprego e Igualdade.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses para actos expresos (agás as actuacións en vía de feito), segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición.

Para tales efectos, o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Non obstante, contra os actos da Administración poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que os ditou, no prazo dun mes para actos expresos e en calquera momento a partir do día seguinte no que se produza o acto presunto para os que non o sexan, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA. Resolución

Serán causas de resolución deste convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas, así como as

establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se fora o caso, procederá o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data no que se acorde a procedencia do reintegro.

DÉCIMO CUARTA. Reintegro e perda do dereito ao cobramento da subvención

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión, de acordo co procedemento e coas causas establecidas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, levará a aparelada a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións e axudas concedidas no suposto de non estar ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

Así mesmo, procederá a perda do dereito ao cobramento da subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

De conformidade co disposto no artigo 14.1 letra n), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia o importe a que se deba reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión da subvención:

a) Incumprimento total da actividade: reintegro do 100% da subvención concedida.

b) A obtención da subvención falseando os datos, feitos o documentación, así como as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que o impedisen: reintegro do 100% da subvención concedida.

c) O incumprimento da finalidade, requisitos e condicións exixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: reintegro do 100% da subvención concedida.

d) Incumplimiento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionada: reintegro do 100% da subvención concedida.

e) O incumprimento da obriga en materia de publicidade: reintegro do 2% da subvención concedida.

f) O incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados que financien as actividades subvencionadas: reintegro do 5% da subvención concedida.

DÉCIMO QUINTA. Entrada en vigor e efectos

O convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante, poderase denunciar pola parte que considere vulnerado o espírito del por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

A denuncia deberá efectuarse comunicándollo á outra parte, mediante escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Salvo acordo expreso en contrario, deberán finalizar as accións xa iniciadas.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas e como proba de conformidade, asínano e rubrícano por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA

POLA ASOCIACIÓN FORO POLA
ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

A conselleira de Emprego e Igualdade

O presidente

Mª Jesús Lorenzana Somoza

Celso Gándara Carnero